



PORCINO CEBADO			
EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		Fin de ano coa vista posta no 2009: A cotización do cebo mantense estábel nesta última sesión da Lonxa, nun mes de decembro que non soe dar grandes alegrías; o regueiro de festivos deixan sempre decembro con poucas marxes para os incrementos, e visto o descalabro das cotizacións no norte de Europa (-12 céntimos en Alemaña nas dúas últimas semanas), tampouco parece que este sexa un mal resultado; iso si, tamén hai que ter en conta que a cotización do sur de Europa, aínda cos descensos das dúas últimas semanas, segue sendo moi inferior a esta. Asi pois, a vista de todos, tanto da produción como da Industria está xa posta no 2009.
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,340	0,00	Medias anuais: A cotización media anual no presente 2008 (1,156 €/quilo vivo para o normal) é máis dun 10% superior á acadada no pasado ano o que nun principio amosa que o sector, pouco a pouco, está a saír da crise na que se encontraba inmerso; iso si, queda aínda un longo treito para sacar cabeza, pois hai que ter en conta dous aspectos relevantes: 1º os custos de produción son superiores aos do pasado ano (aínda que están a baixar neste último tramo de ano), e 2º que no pasado ano as cotizacións caeran case un 10% respecto ás de 2006; Resultado: as cotizacións do presente ano son tan só parellas ás acadadas no 2006. Outro dato: mentras o 2008 arrincaba cunhas cotizacións inferiores ao Euro (0,97 €/quilo), 2009 arrincará cunhas cotizacións catro céntimos superiores a este Euro, máis dun 7% superior ao 2008.
SELECTO	1,065	0,00	
NORMAL	1,040	0,00	
CASTRADO	1,500	0,00	
CANAL II	1,351	0,00	
DESVELLE	0,77/0,83	0,00	

BACORIÑOS				
BASE 20 KGS.	EUROS			Última sesión na mesa de prezos dos bacoriños: A segunda estabilidade nas cotizacións do bacoriño, tras as catro semanas de alzas (+12,50 €) confirma os problemas deste mercado. Aínda sendo a oferta limitada, a demanda tampouco está disposta a pagar máis.
	KG.	UNIDADE	DIF	
SELECTO	1,73	34,50	0,00	Situación de mercado: A oferta é limitada tanto pola variable estacional (oferta reducida nesta época) como pola variábel estrutural (a eliminación de porcas e a integración en ciclos pechados reduciu estruturalmente a oferta); as disponibilidades de leitóns no mercado "libre" son moi limitadas. E aínda que a elevada matanza das últimas semanas creou moitas prazas que encher, xusto cando as producións propias floxean máis, a marxe de manobra estreítanse: 1º polas fortes subas xa acumuladas, 2º pola cercanía dos festivos e 3º polas cotizacións actuais do cebo (que desalentan á demanda en cada suba). Non parece haber risco de baixada das cotizacións aínda que tampouco posibilidades de suba. Medias anuais: O mercado do bacoriño trocou nos últimos anos, padecendo unha crise estrutural profunda; como dato, as cotizacións son parellas ás de 2007.
NORMAL	1,68	33,50	0,00	

OVOS					
CLASE	EUROS				Última cotización do ano: A estabilidade nas cotizacións na última lonxa do ovo do presente ano, precedida da suba en todas as gramaxes da pasada semana, confirma a fortaleza no mercado do ovo do último tramo do ano; a oferta axústase nesta época do ano, e a demanda, sobre todo industrial, está nuns bos niveis.
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,58	0,00	1,58	0,00	Medias anuais: Aínda que as cotizacións actuais son inferiores en todas as gramaxes ás rexistradas na última semana de 2007, no conxunto do ano, as cotizacións son parellas ás acadadas no 2007, con excepción da gramaxe máis baixa (a S), que ve como as cotizacións caen un 10% en relación ao 2007.
L	1,35	0,00	1,35	0,00	
M	1,29	0,00	1,29	0,00	
S	0,99	0,00	0,99	0,00	

GALIÑAS DE DESVELLE			
	EUROS		Estabilidade nas Galiñas: A última sesión da Lonxa das Galiñas de desvelle, confirma a firmeza neste mercado; a redución da oferta (cunha compoñente estrutural - menos censo, e cunha compoñente coxuntural - a fortaleza no mercado do ovo, tamén fai que se reduza a oferta de cara o matadoiro) xustifica unhas cotizacións estábeis e mesmamente con repuntes á alzas, como a rexistrada na pasada semana. O promedio das cotizacións do presente ano (0,36 €) son un 35,11% superiores ás rexistradas no 2007.
	KG.	DIF	
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,32/0,44	0,00	

COELLO			
	EUROS		Voltan a repetir as cotizacións do coello: Pese a que todos os axentes coinciden na necesidade de non variar as cotizacións ao longo do presente mes, as previsións non están clara de cara a última mesa do presente ano; a situación é parella á comentada ao longo de todo o mes: existe unha clara escaseza de oferta, o que é aproveitado pola produción para presionar sobre a cotización; porén, o gran cabalo de batalla segue sendo o consumo; e pese a que foi mellor do agardado na pasada semana, este non consegue reactivarse. Incógnita pois sobre o que pasará na vindeira xunta do coello do 26 de decembro.
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO			
NOVO	1,82	0,00	